

31/outubro/16

Xunta de Galicia Decreto 37/2006 Listas Contratación Temporal Persoal Laboral

A Xunta de Galicia abre o **PRAZO DE INSCRIPCIÓN EXTRAORDINARIO NA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL** da Administración galega en dúas categorías:

- Grupo III, categoría 014: xefe/a de cociña
- Grupo V, categoría 001: camareiro/a-limpador/a, axudante cociña, pasador/a de ferro-lavandeirola, costureiro/a, cortador/a, pasador/a de ferro, lavandeirola

O **prazo de inscrición** nas dúas listas estará aberto **desde mañá 1 de novembro ata o 8 de novembro**, segundo recolle unha Resolución da Dirección Xeral de Función Pública que se publicou no Diario Oficial de Galicia de hoxe

Para inscribirse nas listas é preciso cumprir os seguintes requisitos de titulación:

- Camareiro/a limpador/a e Axudante de Cociña, esíxese certificado de escolaridade e Celga 2
- Xefe/a de cociña, esíxese titulación de Técnico Superior en Restauración e Celga 4

Todas as persoas interesadas en formar parte destas listas poderán solicitar a súa inscrición no prazo de referencia e para iso deberán presentar a instancia conforme ao modelo que se incluírá na web da Xunta (www.xunta.gal), no apartado de Listas de Contratación. As persoas que xa están nestas listas, non é preciso que se anoten de novo.

Se necesitas máis información acude a túa Federación provincial FeSP-UGT